

A FEIRA DAS ARTES ESCÉNICAS CELEBRA A SÚA XVII EDICIÓN CUNHA CARTELEIRA INTEGRAMENTE GALEGA

EXHIBIRANSE 20 ESPECTÁCULOS DE TEATRO E DANZA EN CINCO ESPAZOS DE SANTIAGO

TAMÉN HABERÁ MESAS DE DEBATE, 'SHOWCASES' DE DANZA E UNHA ZONA DE MERCADO

A Feira Galega das Artes Escénicas celebra do 19 ao 23 deste mes a súa décimo sétima edición, convertida xa na máis destacada cita anual co teatro e a danza feitos en Galicia na súa dobre vertente de escaparate de exhibición de espectáculos e de espazo de mercado para a contratación dos mesmos. Cinco escenarios de Santiago de Compostela (Auditorio de Galicia, ARTería Noroeste, Sala Nasa, Salón Teatro e Teatro Principal) acollen o cartel artístico deste ano, así como un programa de actividades paralelas con dúas mesas de debate, catro *showcases* de danza, unha zona de *stands* de empresas e asociacións do sector, e a asemblea xeral da Rede Galega de Teatros e Auditorios.



FEIRA DAS ARTES ESCÉNICAS
CUNHA CARTELEIRA
2009

SUMARIO

- [1-6] AGADIC
- [5-6] > Centro Dramático Galego
- [6] > Escola de Altos Estudos Musicais
- [7] ALERTAS
- [7] NOVIDADES EDITORIAIS
- [8-9] E_SCENA EN CIFRAS

A FEIRA DAS ARTES ESCÉNICAS CELEBRA A SÚA XVII EDICIÓN CUNHA CARTELEIRA INTEGRAMENTE GALEGA

Os espectáculos seleccionados confirman a riqueza e variedade da actual oferta escénica galega canto a temáticas, estilos e xéneros

.....
vén da páx. anterior

O evento, que por segundo ano consecutivo organiza a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), ofrece unha carteleira integramente galega coas últimas montaxes de 20 compañías: 11 de teatro para adultos, seis de teatro para público infantil e tres de danza. Unha primeira ollada ás sinopses dos espectáculos seleccionados confirma, ademais, a riqueza e variedade da actual oferta escénica galega canto a temáticas, estilos e xéneros. Así, na Feira 2009 teñen cabida a comedia e o drama, o pequeno e o gran formato, as compañías consagradas e os novos creadores, a música en directo, as novas tecnoloxías...

Autoría galega e internacional

Entre as propostas teatrais que integran a programación, hai espazo para os clásicos galegos (Sarabela Teatro sube ás táboas *A esmorga*, de Eduardo Blanco Amor) e os grandes nomes da escena universal (en *Shakespeare para ignorantes*, Mofa e Befá recupera as escenas máis ignoradas do gran dramaturgo británico). Así mesmo, a dramaturxia contemporánea está presente a través das adaptacións de recoñecidos autores internacionais (Teatro do Morcego escenificará *Kvetch*, unha comedia americana sobre a ansiedade do inglés Steven Berkoff, e Teatro do Atlántico, *O xogo de Yalta/Afterplay* do irlandés Brian Friel) e de firmas que están a irromper con forza no panorama estatal (*O día do pai* de Ana Graciani e Gabriel Olivares, por Malasombra; *O segredo dos Hoffman* de Alejandro Páramas, por Lagarta Lagarta; *Atra Bile* de Laila Ripoll, por Teatro de Ningures; e



Teatro do Noroeste



Teatro de Ningures (FOTO: DIEGO S. SEIXO)

Palabras encadeadas de Jordi Galcerán, por Talía Teatro).

A autoría galega contemporánea ocupa igualmente un lugar destacado da man dos musicais de Teatro do Noroeste (*Glass City*, asinado por Eduardo Alonso) e Os Monicreques de Kukas (*O castelo da Rocha Vella*, a partir dun conto escrito polo doutor Luciano García Alén), así como do resto das propostas

para público infantil (Teatro del Andamio, con *Pingueiras e tarteiras* de Teresa González Costa; Títeres Trompicallo, con *Violeta Coletas contra as salchichas. Gulp!* de Luis González e Marian González; Galitoon, con *Rosalía, a pulga que escribía* de Andrea Bayer; xunto cos espectáculos de autoría colectiva *Bicharada*, de Berrobambán Teatro, e *Rúa Aire*, de O Retrete de Dorian Gray).

A danza conta con tres representantes neste programa de exhibición (Entremáns co espectáculo *Concerto desconcerto*, Javier Martín con *...tabú resOrte (tabú revuelta)* e a compañía de Quique Peón con *Ovay*), mentres que as propostas de Iván Marcos (*Eco*) e Nut Teatro (*Wake up*) sitúanse nese territorio transfronteirizo das novas tendencias escénicas.

Distribución exterior

Máis de 130 programadores, distribuidores e produtores de toda a Península (Andalucía, Aragón, Asturias, Baleares, Cataluña, Castela-A Mancha, Castela e León, Madrid, Murcia, País Vasco e Portugal, ademais de Galicia) teñen confirmada a súa asistencia a esta nova edición, onde todos os esforzos van dirixidos a favorecer a presenza das compañías galegas nos carteis que confeccionarán os diferentes teatros, circuítos e festivais na próxima temporada. Neste aspecto incide directamente o programa de bonificacións á distribución exterior, de xeito que os programadores de fóra de Galicia que contraten producións galegas durante a Feira poderán beneficiarse dun desconto do 40% sobre o caché do espectáculo.

Con estas premisas como punto de partida, a organización da Feira Galega das Artes Escénicas 2009 busca revalidar o volume de contratación rexistrado na pasada edición, durante a que se pecharon os contratos para a realización de máis de 140 funcións de 20 espectáculos galegos nun total de 26 cidades de España e Portugal.

Coincidindo coa inauguración da Feira, darase a coñecer o fallo e farase entrega dos tres premios de literatura dramática que convoca anualmente a AGADIC

O Auditorio de Galicia repite como sede principal trala positiva experiencia que na edición anterior significou a centralización de gran parte da actividade feiral nun mesmo espazo



Kirenía Martínez e Leodán Rodríguez (FOTO: ROMÁN MONTESINOS)

PROGRAMA DE ACTIVIDADES PARALELAS

O programa de exhibición da Feira Galega das Artes Escénicas complementábase cunha serie de actividades paralelas, entre as que destacan dúas mesas de debate nas que se analizarán as estratexias para comunicar os espectáculos aos medios informativos e ao público potencial, e os retos da incorporación dos novos formatos e tendencias ás programacións escénicas.

A primeira das mesas celebrábase o 20 de outubro baixo o título “Estratexias de comunicación de espectáculos. Accións concretas, éxitos e fracasos nos medios informativos”. Nela intervirán como relatores Xosé Manuel Pereiro, decano do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia e

columnista en varios medios de comunicación; Miguel Piñeiro, director de Atlantis Multimedia, empresa produtora e de servizos de publicidade e asesoramento en técnicas de comunicación e imaxe; José Matos Silva, da Área de Comunicación e Relacións Externas do Teatro Nacional São João do Porto (Portugal); e Gloria Ferreiro, xefa de Programas da Radio Galega. Carlos Roma, redactor de Correo TV será o encargado de moderar este foro, que servirá para o intercambio profesional entre as experiencias deseñadas especificamente para promover a actividade escénica e os seus resultados finais, cun especial fincapé no seu reflexo nos medios informativos.

Arantza Villar, actriz dos grupos galegos Nut Teatro e Chévere, moderará a segunda das mesas, “Cara ás novas programacións. Determinantes e métodos para a incorporación dos formatos escénicos actuais”, que terá lugar o día 21. Co obxectivo de valorar e idear fórmulas de integración das disciplinas máis innovadoras e arriscadas nas programacións escénicas, contarase coas intervencións de Lola Correa, directora artística do Festival ALT de Vigo; Mateo Feijóo, director do Teatro de La Laboral de Xixón; e Pepe Vélez, director artístico de Teatros de Cádiz.

Showcases de danza

O programa de actividades paralelas complétase con catro *showcases* de danza, pezas breves a través das que se quere achegar aos programadores asistentes unha mostra do traballo que realizan diferentes artistas e compañías emerxentes da escena coreográfica galega: La Macana con *Shure PG48*, Pisando Ovos con *Tres*, Neodáns con *Nozomi* e Kirenía Martínez e Leodán Rodríguez, de Entremáns, con *A medio metro de lo vivido*. O primeiro dos *showcases* celebrábase o día 19 no Auditorio de Galicia, mentres que os tres restantes terán lugar do 20 ao 22 de outubro no adro da ARTERIA Noroeste.

Así mesmo, e coincidindo coa inauguración da Feira, darase a coñecer o fallo e farase entrega dos tres premios de literatura dramática que convoca anualmente a AGADIC: o Álvaro Cunqueiro de textos teatrais, o Manuel María de literatura dramática infantil e o Barriga Verde de textos para teatro de monicreques.

DÚAS ESTREAS ABSOLUTAS

Xunto coas dúas estreas absolutas que se presentan nesta XVII Feira Galega das Artes Escénicas –*Rosalía, a pulga que escribía*, de Galitoo, e *Shakespeare para ignorantes*, de Mofa e Befa–, unha considerable porcentaxe do resto dos espectáculos en cartel iniciou o seu periplo polos escenarios nas últimas semanas. É o caso de *Glass City* de Teatro do Noroeste, *Pingueiras e tarteiras* de Teatro del Andamio, *O segredo dos Hoffman* de Lagarta Lagarta, *O castelo da Rocha Vella* de Os Monicreques de Kukas, *Atra Bile* de Teatro de Ningures, *O xogo de Yalta/Afterplay* de Teatro do Atlántico e *A esmorga* de Sarabela Teatro.

Así pois, os profesionais inscritos nesta edición teñen aquí unha oportunidade única de tomarlle o pulso á máis recente produción escénica galega. Do mesmo xeito, e de acordo cos criterios de selección obxectiva das compañías participantes, os programadores acreditados poderán asistir ás montaxes das 14 formacións galegas (8 de teatro de adulto e 6 de teatro infantil) que obtiveron os maiores niveis de distribución no marco da Rede Galega de Teatros e Auditorios durante o segundo semestre de 2008 e o primeiro de 2009. Os 6 grupos restantes foron seleccionados por una comisión que tivo en conta aspectos como a calidade, innovación e actualidade das propostas presentadas.

facebook

A Feira Galega das Artes Escénicas estrea grupo en Facebook

O AUDITORIO DE GALICIA REPITE COMO SEDE PRINCIPAL

O centro neuráxico da Feira Galega das Artes Escénicas volve situarse este ano no Auditorio de Galicia, que repite como sede principal trala positiva experiencia que na edición anterior significou a centralización de gran parte da actividade feiral nun mesmo espazo.

Neste importante contedor cultural de Santiago de Compostela, situaranse a oficina de coordinación, a zona de mercado cos *stands* das empresas do sec-



tor, dous dos escenarios de exhibición, as mesas de debate e o restaurante. Esta concentración de eventos no Auditorio, moi próximo ademais ao hotel onde se aloxan os participantes, busca

promover unha maior e mellor comunicación entre todos os profesionais asistentes, ao tempo que se facilita o seu traballo durante as cinco xornadas de Feira.

Zona de mercado

A zona de mercado da Feira 2009 ocupará un lugar destacado no Auditorio de Galicia, onde se situarán un total de 16 expositores de empresas escénicas e asociacións do sector. Talía Teatro, Zancalino Produus, Mago Teto, Teatro de Ningures, Pistacatro, Nova Galega de Danza, Teatro do Morcego, Viravolta Títeres, BStudiosdanza, Camerata Lírica, Lambríaca e Cabaré3 Producións (Compañía Femme Fatale) son as empresas que contarán con *stand* propio neste espazo de negocio, onde tamén estarán representadas a Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG), a asociación Escena Galega, a Asociación Profesional Danza Escénica Galega (DANESGA) e a Asociación Galega de Empresas de Servizos para Eventos (AGASE).

O horario de apertura ao público da zona de mercado será do luns 19 ao xoves 22 de outubro das 10.00 ás 13.00 horas e das 15.30 ás 18.00 horas. O venres 23 só estará aberto pola mañá.

+ info en

www.feiradasartescenicas.com
e www.facebook.com/group.php?gid=131330059301



Mofa e Befá



Narf e Manecas Costa

DIFUSIÓN EXTERIOR

A MÚSICA GALEGA ESTARÁ NO WOMEX DE COPENHAGUE A TRAVÉS DE 10 EMPRESAS E UNHA REPRESENTACIÓN INSTITUCIONAL

A música galega estará presente un ano máis no Womex, a máis importante feira de *world music*, que na súa próxima edición se desenvolverá en Copenhague do 28 de outubro ao 1 de novembro. O encontro, no que este ano participan 2.800 acreditados procedentes de 90 países, trasládase durante os próximos 3 anos desde Sevilla á capital dinamarquesa.

No Bella Center de Copenhague quedará instalado un amplo *stand* patrocinado pola Consellería de Cultura e Turismo a través da AGADIC, desde o que se difundirá a marca Galiciantunes como principal enseña coa que se vén promocionando nos últimos anos o conxunto da música galega actual no exterior e se dará cobertura loxística a todas as compañías e empresas desprazadas.

Ademais de material promocional xenérico e do particular que acheguen as diferentes discográficas, a delegación galega distribuirá en Womex 09 un cd

de audio cunha selección de temas de grupos galegos, tales como bOnOvO, Fía na Roca, Milladoiro, Berrogüetto, Nova Galega de Danza, Rosa Cedrón, Mercedes Peón, Uxía, Fran Pérez & Manecas Costa, Hermanos Moreira, Orquestra Vigo 430, ISGA Collective, Donatore di Groove, Xosé Manuel Budiño, Cristina Pato & Mutenrohi ou Anxo Lorenzo. Tamén se repartirá a guía *Galician Festivals*, que recolle a listaxe de festivais e ciclos de música galegos máis destacados, elaborada especificamente para a promoción internacional.

As empresas que viaxarán nesta ocasión a Copenhague son Falcatrada, Ouvirmos, Zouma Records, Berrogüetto Producións, Abada, Maré, Articket, Sul Producións, Nordesía e Xosé Manuel Budiño. As dúas últimas disporán de cadanseu *stand* exclusivo. Ademais da representación institucional que encabezará o director da AGADIC, Juan Carlos Fernández Fasero, tamén estarán en Womex representantes das dúas principais asociacións do sector: AGEM (Asociación Galega de Empresas Musicais) e Agaphono (Asociación Galega de Produtoras Musicais), en quen recae a organización da participación galega no evento.

+ info en www.womex.com

ARRINCA A NOVA CARTELEIRA TRIMESTRAL DO SALÓN TEATRO CON 34 FUNCIÓNS A CARGO DE 15 COMPAÑÍAS

O Salón Teatro de Santiago inicia a súa temporada escénica 2009-2010 cun novo ciclo de programación trimestral que dará cabida a un total de 34 funcións de teatro e danza desenvolvidas por 15 formacións artísticas.

Teatro do Noroeste abre o novo calendario de exhibición do 7 ao 18 de outubro con 12 funcións do musical *Glass City (Cidade de Cristal)*, produción de gran formato que se presenta en Santiago precedida do éxito de público e crítica logrado na súa recente estrea en Ferrol. Eduardo Alonso é o autor e director desta obra con música en directo e interpretada por un elenco de 14 actores e actrices. A compañía ofrecerá catro funcións escolares de *Glass City* (os días 7, 8, 14 e 15, ás 10.30 horas) e oito para público xeral os días 8, 9, 10, 11, 15, 16, 17 e 18 de outubro (de xoves a sábado, ás 20.30 horas e os domingos, ás 18.00 horas).

Trala celebración da Feira Galega das Artes Escénicas, a programación continuará os días 24 e 25 de outubro con Teatre Lliure e o espectáculo *Nixon-Frost*, un texto do guionista e dramaturgo británico Peter Morgan baixo a dirección de Álex Rigola. A trama sitúase cando, en 1977, o presentador



Teatre Lliure (FOTO: ROS RIBAS)

David Frost consegue que o ex presidente estadounidense Richard Nixon pida desculpas publicamente pola súa implicación no caso Watergate. A continuación, os días 31 de outubro e 1 de novembro a compañía portuguesa Ao Cabo Teatro escenificará a montaxe *Jardim Zoológico de Cristal*, versión da obra de Tennessee Williams con dirección de Nuno Cardoso.

Residencia de Matarile

Un ano máis, o Salón Teatro será unha das sedes do festival Cineuropa con sesións diarias do 2 ao 15 de novembro. O cine dará paso a unha residencia artística de Matarile Teatro, que finalizará o martes 24 de novembro cun ensaio aberto ao público da súa vixésimo quinta produción, *Cerrado por aburrimiento*.

Os días 28 e 29 de novembro presentárase a peza *Dies Irae. En el Réquiem de Mozart*, a cargo da compañía de danza de Marta Carrasco. Xa en decembro,

a Aula de Teatro da Universidade de Santiago estreará o espectáculo *As cuñadas*, de Michel Tremblay, baixo a dirección de Roberto Salgueiro (día 16) e a compañía compostelá Lagarta Lagarta escenificará os días 17, 18, 19 e 20 a súa nova produción, *O segredo dos Hoffmann*.

A carteleira de 2009 pecharase coa Mostra de Teatro Infantil de Nadal, dentro da que se exhibirán do 26 ao 30 de decembro cinco espectáculos: *El sable y la paloma*, de A Priori Producciones (día 26); *Os Bolechas*, de Caramuxo Teatro (día 27); *Flexelf*, de Ángels Margarit / Cía. Mudances (día 28); *Mãos Grandes*, de Teatro Montemuro (dous pases o día 29) e *Violeta Coletas contra as Salchichas. Gulp!*, de Tropicallo Teatro (día 30) son as propostas que se inclúen na próxima edición desta xa consolidada cita anual co teatro para nenos e nenas.

+ info en: www.centrodramatico.org e na páxina do Salón Teatro en Facebook

O CDG COPRODUCIRÁ COAS COMPAÑÍAS VOADORA, SAPRISTEATRO E IMAXINARIA TEATRO

O Centro Dramático Galego (CDG) participará na temporada 2009-2010 na coprodución de tres proxectos escénicos presentados a tal fin por outras tantas compañías privadas: *Por que ferve o meniño no caldo?*, proposto por Saprismeatro; *Super8*, a iniciativa de Voadora; e *Os catro da Xunqueira*, proxecto de Imaxinaria Teatro e Mao Teatro. Cada un dos dous primeiros espectáculos recibirá asistencia técnica do CDG e 20.880 euros; en tanto que para o terceiro achegaranse 5.000 euros.

Por que ferve o meniño no caldo é unha adaptación teatral da novela *Por que ferve o meniño na polenta?*, da autora romanesa Aglaja Veteranyi. A obra orixinal, de evidentes trazos autobiográficos, narra a historia dunha pequena que vive, exiliada do comunismo romanés, nunha caravana de circo arredor de Europa e África. A adaptación teatral discorre nunha pista circo na que caben todos os rexistros interpretativos posibles. Na dramaturxia participan Roberto Leal e Quico Cada-val e o elenco confórmano Núria Sanz e Nacho Sanz, quen interpreta tamén a música en directo.

Despois da anterior *PeriFeria*, a nova proposta que a compañía Voadora titula *Super8* é a segunda entrega da súa triloxía *Lugares Comúns* (os espazos

–reais e imaxinarios– que se comparten e a súa influencia na procura da identidade do individuo contemporáneo). Así, se *PeriFeria* se situou no presente e se adicou ao tema do fracaso, *Super8* transládase ao pasado a través dun musical sobre a memoria. Desta volta, o lugar escollido para a acción é un banquete onde os comensais se debaterán entre a decisión de recordar ou o desexo de esquecer. Segundo os autores do proxecto, trátase “dun xogo de evocacións sobre a mesa, no que se explorarán os mecanismos selectivos da memoria”. Marta Pazos dirixirá a interpretación de Hugo Torres, José Díaz, Natalia Outeiro e Sergio Zearreta.

Os catro da Xunqueira artéllase como un espectáculo para todos os públicos entre os galegos de Imaxinaria Teatro e os portugueses de Mao Teatro, de Viana do Castelo. Preséntase como unha montaxe divertida, didáctica e de estética ao estilo *cartoon*, que se basea no relato de tradición oral “Os catro amigos”, a historia universal de Can, Burro, Gato e Galo que foxen da cidade para atopar o seu lugar nun rural despoboado. A integración do teatro con disciplinas como a música –para cuxa consecución prevése a participación activa do público–, a danza contemporánea, a acrobacia, os monicreques ou os malabares é o punto de partida sobre o que traballan os artífices do proxecto baixo a dirección dos galegos Fran Núñez e Marcos Pais.



Detalle do cartaz do espectáculo *Jardim Zoológico de Cristal*

UN MÁXIMO DE 15 ACTORES E ACTRICES PARTICIPARÁN NUN 'WORKSHOP' CON NUNO CARDOSO

Coincidindo coas escenificacións en Santiago os días 31 de outubro e 1 de novembro da compañía portuguesa Ao Cabo Teatro coa montaxe *Jardim Zoológico de Cristal*, o director do espectáculo, Nuno Cardoso, impartirá no Salón Teatro un *workshop* para actores e actrices profesionais distribuído en dúas sesións: o sábado 31, de 14.00 a 18.00 horas e o domingo 1, de 11.00 a 14.00 horas.

Para participar no devandito taller, que se adentrará na obra de Tennessee Williams a partir da que se artellou a montaxe, cómpre realizar a inscrición

no [mail centro.dramatico.galego@xunta.es](mailto:centro.dramatico.galego@xunta.es) a partir do 19 de outubro. Estarán dispoñibles un total de 15 prazas que se cubrirán por orde de inscrición. Os alumnos, que se matricularán de xeito gratuíto, traballarán tanto exercicios de análise textual como de improvisación sobre a obra do autor norteamericano.

Cardoso ofrecerá deste xeito a súa segunda colaboración co Centro Dramático Galego, xa que na temporada escénica 2008-2009 dirixira para a compañía pública galega a produción *A boa persoa de Sezuán*, de Bertolt Brecht.

Nacido en 1970, Nuno Cardoso abandonou os seus estudos de avogacía e historia para montar o grupo Visões Úteis, no que desenvolve a súa actividade até

1998. Nese mesmo ano asume a dirección do Teatro Nacional Carlos Alberto no Porto, un espazo que, baixo a súa responsabilidade, dá cabida a moitas das novas propostas artísticas lusas. Os traballos que realizou para o Teatro Nacional São João (*O despertar da primavera*, de Frank Wedekind ou *Woyzeck*, de G. Büchner) conságrano como director e ábrenlle as portas de importantes teatros europeos. En 2007 dirixe para o Teatro Nacional Dona María de Lisboa un *Ricardo II* e leva a cabo unha posta en escena paralela do mesmo texto con mozos de barrios marxinais da cidade. Para o mesmo teatro levou a escena *Boneca*, a partir de *Unha casa de bonecas* de Ibsen. Tamén obtivo un grande éxito o *Platónov* que montou posteriormente para o Teatro Nacional São João.

ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS [EAEM]

A EAEM ABRE O CURSO 2009-2010 CUN TOTAL DE 43 ALUMNOS ACTIVOS E OÍNTES

A Escola de Altos Estudos Musicais (EAEM) abre o día 5 de outubro o curso lectivo 2008-2009, para o que están matriculados un total de 43 alumnos, dos que 11 pertencen á categoría de oíntes. Os estudantes inscritos nas distintas categorías instrumentais (violín, viola, violonchelo, contrabaixo, clarinete, oboe, fagot, trompa, frauta, trombón, trompeta e percusión) que ofrece este centro para a educación musical da Consellería de Cultura e Turismo, iniciarán o calendario de actividades pedagóxicas previstas dentro da Sección de Especialización.

Entre as clases que recibirán nos vindeiros meses figuran sucesivas con-

vocatorias de cursos-conferencias de análise musical e encontros de práctica orquestral. Así mesmo, están fixados concertos tanto internos como públicos a cargo de alumnos solistas, de cámara e da orquestra completa para todos os meses a partir de xaneiro. O profesor José Luis Estellés será o encargado de impartir o primeiro encontro de práctica orquestral, adicado aos instrumentos de vento, no marco do que se celebrarán distintas sesións lectivas e concertos entre outubro e novembro. Os mestres Jordi Mora e Maximino Zumalave dirixirán outros dous encontros da orquestra nos meses seguintes.

Canto os cursos que se dirixirán desde a Sección de Formación Permanente, están o xa tradicional de composición do que é profesor desde hai varias edicións o mestre e compositor Antón García Abril (actividade que se desenvolve unha vez ao mes entre outubro e xuño); o de fagot e *ensamble* de ventos, que impartirá Gabor Metzardos do 25 ao 29 de xaneiro; o de trompa e *ensamble* metais, a cargo de Erik Terwilliger do 10 ao 14 de maio; e, por último, o curso de oboe ofrecido por Klaus Becker, cuxas datas de desenvolvemento están por determinar.



CONVOCATORIAS, PRAZOS, PREMIOS E CERTAMES [ALERTAS]

Convocatorias da AGADIC	Contido	Dirixido a	Data límite
Subvencións da AGADIC ao sector audiovisual 2009 (DOG nº 61 de 30 de marzo de 2009)	Amortización dos custos de produción de longametraxes cinematográficas, telefilmes e documentais de interese cultural galego	Produtoras audiovisuais independentes.	15 de outubro
CDG. <i>Workshop</i> co director Nuno Cardoso sobre <i>Jardim Zoológico de Cristal</i>	Coincidindo coa representación no Salón Teatro do espectáculo <i>Jardim Zoológico de Cristal</i> , da compañía portuguesa Ao Cabo Teatro, o director Nuno Cardoso impartirá un <i>workshop</i> no que traballará a análise do texto e a improvisación arredor da obra de Tennessee Williams. As sesións celebraranse o sábado 31 de outubro, de 14.00 a 18.00 h, e o domingo 1 de novembro, de 11.00 a 14.00 h.	15 prazos para actores e actrices profesionais. As solicitudes deberán remitirse ao CDG a partir do 19 de outubro, segundo as indicacións que se especificarán proximamente na web www.centrodramatico.org . Máis info.: Centro Dramático Galego. Tel. 981 58 11 11	A partir do 19 de outubro ata completar as prazos
Ao Vivo dende Galicia 2010. Catalunya	A AGADIC e o ICIC (Institut Català de les Indústries Culturals) volven colaborar para desenvolver en 2010 unha nova programación de concertos de grupos galegos en salas catalás. Nesta segunda edición do programa, tentarase dar un paso adiante na proxección exterior das formacións musicais galegas.	Formacións musicais de calquera estilo que teñan o seu enderezo fiscal en Galicia e algún disco no mercado (editado no ano 2009) ou previsión de editalo ao longo de 2010. Máis información no apartado "Convocatorias" da web www.agadic.info	27 de outubro

Outras convocatorias de interese:

- Consortio Audiovisual de Galicia: www.consortioaudiovisualdegalicia.org
- Deputación da Coruña: <http://www.dicoruna.es/cultura/premios/index.htm>
- Instituto de la Cinematografía y de las Artes Visuales (ICAA): <http://www.mcu.es/cine/SC/becasAyudasSubvenciones/index.html>
- Programa Media da Comisión Europea: www.mediadeskspain.eu

NOVIDADES EDITORIAIS [EDIT]

A piragua

Cándido Pazó

Colección Escena Aberta, nº 4
Edita: AGADIC e Edicións Laiovento
ISBN: 978-84-453-4828-4
PVP: 12 euros

A piragua é o texto resultante da primeira experiencia de autoría residente do Centro Dramático Galego, estreado pola compañía pública en abril de 2007 baixo a dirección do seu autor, Cándido Pazó. Partindo dunha anécdota calquera, como a dun veciño que garda unha piragua no seu garaxe, enfiase




un discurso dramático que traslada ao espectador a liña argumental esencial que sustenta a proposta escénica: a violencia doméstica.

Suite Vigo. Suite sinfónica sobre cantos rexionais galegos

Reveriano Soutullo Otero

Colección Ars Gallaeciae Musicae, serie Ávrego, nº 6
Edita: AGADIC e Dos Acordes
ISMN: 979-0-801249-07-4
PVP: 40 euros

Esta peza de Reveriano Soutullo é expresión da fonda vinculación do autor coa cidade olívica. Trátase dunha das incursións do compositor no mundo sinfónico, que chega ata os nosos días e que se nos presenta como



testemuño do facer nacionalista do autor e do seu credo estético. Acompaña as partituras como material anexo o CD coas partes.

REXISTRO DE
DATOS ABRIL 2009
[E_SCENA
EN CIFRAS]

AGADIC

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Producións con distribución pechada *

Noite de Reis
A boa persoa de Sezuán

Produción con distribución en curso

CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIÓN	ESPECTADORES/FUNCIÓN	FACTURACIÓN/FUNCIÓN
Santiago	As Dunas	16	127,50	545,25 €
Vila Real	As Dunas	1	134,00	55,00 €
O Barco	As Dunas	1	130,00	550,00 €
A Coruña	As Dunas	2	440,50	4.105,48 €
Vigo	As Dunas	2	118,00	1.179,00 €

CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO

Producción con distribución en curso

CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIÓN	ESPECTADORES/FUNCIÓN	FACTURACIÓN/FUNCIÓN
A Coruña	Giseliña	2	362,00	1.090,20 €
Santiago	Giseliña	2	679,00	420,00 €
Narón	Giseliña	1	48,00	180,00 €
Vigo	Giseliña	1	400,00	3.877,80 €
Cangas	Giseliña	1	141,00	543,00 €
Rabat (Marrocos)	Giseliña	1	1300,00	[PENDENTE]
Tetuán (Marrocos)	Giseliña	1	800,00	150,00 €
Puertollano	Giseliña	1	62,00	[FUNC. GRATUÍTA]
Xixón	Giseliña	2	100,50	752,85 €
Murcia	Giseliña	2	39,50	155,00 €
Pontevedra	Giseliña	1	202,00	848,00 €
Amán (Xordania)	Giseliña	1	750,00	[FUNC. GRATUÍTA]
Ourense	Giseliña	2	67,00	361,00 €

SALÓN TEATRO

CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIÓN	ESPECTADORES/FUNCIÓN	FACTURACIÓN/FUNCIÓN
CDG	Noite de Reis	17	201,06	1.046,71 €
Varuma Teatro	Malgama	2	113,50	686,50 €
O Último Momento	Contigo	2	115,00	639,00 €
Maquinaria Pesada	As vingadoras	2	193,00	302,50 €
Ieto	Ieto	2	120,50	666,00 €
Jeremy Jay	Festival Sinsal	1	190,00	1.383,00 €
CDG	As Dunas	16	127,50	545,25 €
Pram	Festival Sinsal	1	150,00	985,00 €
Iván Marcos	Eco	3	103,33	111,00 €
Teatro do Morcego	Kvetch	7	87,57	420,86 €

* Desglose en anteriores números de e_scena

TOTAL ACUMULADOS 2007				
	FUNCIÓN	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	113	16.096	52,28%	55.321,00 €
O regreso ao deserto (CDG)	4	625	35,84%	2.930,80 €
Tarará Chis Pum (CDG)	46	10.267	61,91%	20.245,64 €
A Piragua (CDG)	37	4.729	35,61%	12.531,00 €
Vacua (CCG)	30	6.500	48,12%	26.617,85 €
Noite de Reis (CDG)	36	9.360	61,46%	37.675,70 €

TOTAL ACUMULADOS 2008				
	FUNCIÓN	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	100	10.866	41,23%	46.249,00 €
Noite de Reis (CDG)	16	4.986	68,35%	28.888,20 €
Valdemüller (CDG)	57	7.835	35,04%	14.133,65 €
Estigma (CDG)	26	3.602	30,75%	7.950,80 €
Kiosco das almas perdidas (CCG)	33	7.309	33,88%	33.487,91 €
A boa persoa de Sezuán (CDG)	24	4.091	40,93%	20.003,69 €

TOTAL ACUMULADOS 2009				
	FUNCIÓN	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	53	7.805	54,77%	36.753,00 €
Noite de Reis (CDG)	17	3.418	75,30%	17.794,00 €
A boa persoa de Sezuán (CDG)	12	2.248	46,81%	5.596,90 €
As Dunas (CDG)	22	3.421	42,52%	19.897,95 €
Giseliña (CCG)	18	6.199	[PENDENTE]	11.156,90 €

REDE GALEGA DE
TEATROS E AUDITORIOS

COMPAÑÍAS

COMPAÑÍA	Nº FUNCIÓN	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
Arela das Artes	5	89,60	362,50 €
Artello Teatro Alla Scala 1:5	3	158,33	419,67 €
Ballet Carmen Roche	1	338,00	1.431,00 €
Berrobambán	8	227,63	393,00 €
Branca Novoneyra	1	66,00	306,00 €
Bstudiodanza	2	106,50	311,75 €
Búho y Maravillas	1	181,00	272,50 €
Caramuxo Teatro	5	85,80	160,50 €
Chrystyan Magic	3	135,00	300,00 €
Cía. Daniel Abreu	1	76,00	480,00 €
Cía. Galega de Danza Contemporánea - Ballet Jesús Quiroga	1	171,00	1.034,00 €
Compañía do Trinke Trinke	3	117,00	210,50 €
D2	1	5,00	20,00 €
Dani García	3	129,00	254,50 €
Elefante Elegante Teatro	7	250,43	468,71 €
Entremans	5	79,00	288,20 €
Espello Cóncavo	5	161,80	608,80 €
Fulano, Mengano e Cítano, S.L.	3	57,33	168,00 €
Galitoon	11	245,91	527,36 €
Ghazafelhos	7	94,14	181,93 €
Grupo de Música Antiga 1500	2	124,50	277,75 €
Grupo de Teatro Lope de Vigo	3	63,33	130,67 €
Javier Martín	2	210,00	735,50 €
La Tirita de Teatro	4	57,75	133,75 €
Lagarta Lagarta	12	190,83	652,17 €
Lambriaca Teatro	7	126,57	313,07 €
Mago Rafa	5	134,20	228,90 €
Mago Xacobe Sanz	3	105,00	229,83 €
Malasombra	9	109,33	350,08 €
Maquinaria Pesada	3	73,33	285,33 €
Martín Camiña	5	98,60	213,80 €

Matarile Teatro	4	56,50	312,75 €
Miroscopio Perdicións	6	70,67	174,17 €
Nova Galega de Danza	3	213,33	1.370,00 €
O Mago Teto	3	229,33	994,67 €
Orquestra Vigo 430	1	27,00	81,00 €
Os Monicreques de Kukas	11	175,64	370,00 €
Os Quinquilláns	4	388,75	467,25 €
Pinga Teatro	3	141,00	215,58 €
Pisando Ovos	4	116,00	257,00 €
Pistacatro Productora de Sonños	11	185,64	557,64 €
PT Excéntricas	5	222,20	1.251,70 €
Redrum Teatro	5	145,40	780,30 €
Román García	5	166,40	344,00 €
San&san	7	93,00	266,32 €
Sarabela Teatro	14	210,64	616,18 €
Symbiosis Produccións S.c.	5	81,80	142,30 €
Taía Teatro	20	159,15	387,70 €
Teatro de Ningures	5	82,20	377,50 €
Teatro del Andamio	11	77,64	217,43 €
Teatro do Atlántico	8	142,00	609,25 €
Teatro do Morcego	5	110,20	434,60 €
Teatro do Noroeste	6	98,50	430,58 €
Teatro Ensalte	2	61,50	340,00 €
Teatro Galileo	6	148,33	444,00 €
Teatro Nu	3	100,67	248,67 €
Títeres Trompicallo	3	194,67	564,00 €
Uroc Teatro	2	120,50	486,50 €
Yllana	2	316,50	1.777,00 €
[in]constantes Teatro	4	255,50	2.056,88 €

CONCELLOS/ENTIDADES

CONCELLO/ENTIDADE	Nº FUNCIÓN	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
A Coruña. IMCE	29	162,24	776,97 €
A Coruña. Teatro Colón Caixa Galicia	5	283,4	783,60 €
A Estrada	10	86,3	420,90 €
Ames	12	67,25	141,83 €
Arteixo	8	118,13	282,19 €
As Pontes de García Rodríguez	4	135,75	203,75 €
Betanzos	2	65	227,50 €
Boiro	6	118,5	295,25 €
Burela	5	225,2	586,30 €
Cambados	4	201,25	264,00 €
Cangas de Morrazo	5	119,4	340,80 €
Carballo	13	119,92	346,23 €
Cedeira	8	80,13	137,88 €
Cee	9	108,56	184,50 €
Culleredo	5	50,8	99,30 €
Ferrol	7	64	340,43 €
Foz	10	133,1	288,85 €
Laín	2	88,5	274,25 €
Lugo	4	104,5	316,25 €
Monforte de Lemos	3	153,67	352,00 €
Muros	8	88,63	161,31 €
Narón	13	155,08	702,92 €
Noia	3	75,67	176,00 €
O Barco de Valdeorras	6	121,83	475,83 €
O Carballiño	5	123,8	314,70 €
Oleiros	4	175,5	641,50 €
Ortigueira	4	37,5	106,13 €
Ourense. Teatro Principal	2	158,5	1.109,00 €
Ourense. Auditorio Municipal	13	267,85	841,69 €
Pontevedra	17	278,82	527,41 €
Redondela	7	250,86	624,43 €
Ribadavia	3	88,67	213,67 €
Ribadeo	9	155,33	278,67 €
Sada	4	53	175,25 €
San Sadurniño	6	66,67	135,75 €
Santiago de Compostela	17	127,47	412,35 €

[continúa na páx. seguinte]

[vén da páx. anterior]

Sanxenxo	3	146,67	286,33 €
Tui	6	300,5	859,83 €
Vigo. CC Caixanova	8	263	1.209,13 €
Vilagarcía de Arousa	6	108,67	277,00 €
Viveiro	4	155,75	513,25 €

TOTAIS RGTA (ATÉ ABRIL)	2006	2007	2008	2009
Funcións	211	268	328	299
Público	36.009	32.458	47.772	44.429
Ocupación	42,27%	30,73%	37,88%	35,72%
Facturado	118.603,40 €	99.408,31 €	141.960,49 €	135.206,50 €

REDE GALEGA DE SALAS

CONCELLO/ENTIDADE	Nº FUNCIÓNs	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
Arteria Noroeste (Santiago)	12	53,08	174,21 €
Sala Nasa (Santiago)	13	42,62	193,50 €
Sala Santart (Santiago)	18	17,28	60,56 €
Sala The Star (Carral)	10	39,7	117,60 €
Teatro Arte Livre (Vigo)	8	11,75	87,50 €
Teatro del Andamio (A Coruña)	33	36,03	134,18 €
Teatro Ensalle (Vigo)	18	15,22	99,47 €

TOTAIS RGS (ATÉ ABRIL)	2007	2008	2009
Funcións	70	64	112
Público	2.539	1.995	3.456
Ocupación	35,97%	48,95%	41,10%
Facturado	13.504,00 €	9.786,60 €	13.791,00 €

REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO

GRUPOS

GRUPO	CONCERTOS	ESPECT/CONCERTO	FACT/CONCERTO
6pm	3	68,00	217,33 €
7 Puertas	6	87,83	251,00 €
A Tuna Rastafari	5	83,80	279,00 €
Adrián Costa & Marcos Coll	4	77,25	355,25 €
Aguardiente Swing Quartet	4	46,00	210,25 €
Aid	3	57,00	168,00 €
Aló Django	5	60,80	225,40 €
Álvaro Muras	4	33,75	87,50 €
Ánger	2	22,50	42,50 €
Aphonníc	3	52,00	222,00 €
Ataque Escampe	1	27,00	54,00 €
Balakandra	1	10,00	30,00 €
Baldosa Amarilla	4	81,00	184,25 €
Banda Potemkin	2	74,00	224,00 €
Batusi	3	21,00	65,67 €
Brothers In Band- Tributo Dire Straits	5	46,20	135,80 €
Bruno T. Ford	7	37,29	114,43 €
Bukowski Blues Trío?	3	45,33	153,33 €
Carlos Childe Troupe	2	30,00	95,00 €
Chamito el Flako	2	67,00	148,50 €
Con Cierito Swing	2	30,00	97,50 €

Cooltrain Band	3	30,33	101,33 €
Cornelius	12	69,67	257,00 €
Coyote Express	1	66,00	180,00 €
Creole Kings	4	38,75	124,50 €
Dandy Fever	4	69,50	195,25 €
Debuxos Reanimados	1	68,00	340,00 €
Deva	3	62,00	137,33 €
Doctor Harapos	1	64,00	162,00 €
Ectoplasma	2	34,50	118,50 €
Edu Manazas & Whiskey Tren	7	49,14	212,71 €
El Puchero del Hortelano	4	80,25	422,00 €
Elodio y Los Seres Queridos	1	22,00	110,00 €
Fabulosos Cubatas de Fockink Brothers	5	63,80	184,60 €
Felix Arias	2	26,50	54,50 €
Franc3s	4	27,00	94,50 €
Graham Foster Trío	3	66,00	352,33 €
Guezos	2	52,50	52,50 €
Guru Deva	6	56,50	157,17 €
Harry Navisson Band	3	26,33	65,00 €
Héctor Lorenzo	3	24,00	47,00 €
Holywater	5	107,00	436,60 €
Javier Constenla “Improvía”	2	41,00	115,50 €
Javier Pereiro Quartet	2	29,00	100,00 €
José Luis Pardo & The Mojo Workers	4	46,25	201,50 €
La Pegatina	1	90,00	270,00 €
Little Albert Boogie Band	3	37,00	121,33 €
Los Eternos	4	61,00	204,00 €
Los Marcianos	4	34,25	92,50 €
Los Mecánicos	6	56,50	120,33 €
Lucía Martínez Cuarteto	3	44,00	206,00 €
M3 · Monkeymeetsmusic	4	47,25	171,25 €
Magín Blanco & Burgas Beat	3	51,33	81,67 €
Meu	7	75,00	255,29 €
Michel Gonzalez Band	2	41,50	92,50 €
Miki Nervio & The Bluesmakers	5	59,60	156,60 €
Misquious	4	36,00	87,00 €
Moon Cresta	5	43,00	143,00 €
Moondogs Blues Party	3	64,33	243,33 €
Mr. Whiz	3	42,67	150,67 €
Niño y Pistola	5	63,00	220,40 €
O Sonoro Maxín	4	67,75	243,25 €
Os Trasnós de Moscoso	3	42,00	60,33 €
Overlook	1	21,00	63,00 €
Pablo Bicho Quinteto	5	64,00	195,40 €
Pablo Seoane Quartet	3	27,00	98,33 €
Phantom Club	2	89,00	345,00 €
Por Placer	3	99,67	290,67 €
Preachers Of Rock And Roll	3	28,00	105,67 €
Rockers Go To Hell	2	56,50	157,50 €
Ruso Negro Dúo	4	43,50	126,75 €
Samesugas	3	36,33	146,00 €
Samuel Leví	3	25,00	53,00 €
Sevigny	3	32,67	118,33 €
Snatch	2	59,00	92,50 €
Sojazz	3	41,00	103,33 €
Stereotipós	3	109,33	448,00 €
Sugar Mountain	1	43,00	152,00 €
Swing Session Quintet	1	25,00	75,00 €
Swingpool	4	21,75	56,50 €
Tangazz Trío	3	26,00	91,67 €
The 38beats	4	46,25	129,75 €
The Blows	6	87,50	299,83 €

The Fishfuckers	3	52,00	157,00 €
The Homens	5	63,00	248,20 €
The Sweat	2	35,00	115,00 €
Transilvanians	4	57,50	204,75 €
Tumbling Dice	2	35,00	70,00 €
Victor Aneiros	4	51,00	163,75 €
Vozes da Rádio	2	79,50	382,00 €
Woden	3	59,67	135,33 €

SALAS

SALA	CONCERTOS	ESPECT/CONCERTO	FACT/CONCERTO
A Fundación (Melide)	7	73,57	148,43 €
A Regueifa (Ponteareas)	8	70,63	183,25 €
Ache (Marín)	3	51,33	386,00 €
Aturuxo (Bueu)	6	73,33	342,67 €
Auriense Café Cultural (Ourense)	9	49	141,78 €
Babel (Lugo)	3	37,67	112,00 €
Badulake (Ordes)	7	39,71	119,14 €
Bar Liceum (O Porriño)	6	88,5	330,67 €
Bar Patos (Nigrán)	3	38,33	115,00 €
Baranda (O Barco de Valdeorras)	8	69,5	208,50 €
Borriquita de Belém (Santiago)	5	43,4	107,20 €
Café Concerto Antano (Outes)	5	52,8	126,00 €
Café-Cultural Roi Xordo (Allariz)	4	76,75	221,75 €
Casa das Crechas (Santiago)	6	50,33	137,17 €
Catro Camiños (A Rúa)	6	52,33	18,00 €
Clandestino (Nigrán)	7	35,86	110,57 €
Clavicémbalo (Lugo)	13	52,62	211,31 €
Contrabajo (Vigo)	15	38,93	177,27 €
El Ensanche (Vigo)	9	51	153,00 €
El Otro Caimán (Monforte de Lemos)	3	74,33	188,00 €
Forum Celticum (Culleredo)	10	103,9	265,80 €
Garufa (A Coruña)	14	42,14	151,36 €
Jazz Filloa (A Coruña)	1	48	240,00 €
Jazz Vides (A Coruña)	18	38,22	137,39 €
La Casa de Arriba (Vigo)	10	24,8	122,80 €
La Fábrica de Chocolate (Vigo)	10	49	179,30 €
La Galeríajazz (Vigo)	4	21	105,00 €
La Iguana Club (Vigo)	8	85,63	346,13 €
Marrucho (Baiona)	7	33,29	77,71 €
Náutico (O Grove)	3	80,67	242,00 €
O Con do Moucho (A Illa de Arousa)	5	55,6	140,40 €
Planeta (Sarria)	6	66,83	223,50 €
Pub o Muíño (Cervo)	6	50,83	117,33 €
Pub d'Antón Rock Café (A Laracha)	12	56,25	153,75 €
Pub Gatos (Melide)	7	49,43	128,86 €
Pub Leblón (Pontecaldelas)	8	45,63	54,00 €
Sala 600 (Melide)	7	56,71	235,14 €
Sala Karma (Pontevedra)	10	84,8	417,70 €
Sala Run Rum (Ferrol)	11	60,18	245,91 €
Salason (Cangas de Morrazo)	8	44,63	159,75 €
Vagalume Café Concerto (Salvaterra de Miño)	3	56,67	150,00 €
Zona Zero (Caldas de Reis)	7	31,14	102,43 €

TOTAIS RGMV (ATÉ ABRIL)	2007	2008	2009
CONCERTOS	353	299	308
PÚBLICO	17.443	15.221	16.682
OCUPACIÓN	25,27%	37,91%	43,01%
FACTURADO	42.658,50 €	46.069,00 €	55.136,00 €

CIFRAS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO

AGADIC



Agencia Galega das
Industrias Culturais



XACOBEO 2010
Galicia

AGADIC. Rúa da Vesada s/n San Lázaro.
15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 577 126/28 Fax: 981 577 127
agadic@xunta.es / www.agadic.info